



BALLET KASSUOMAYE DALIFFORT (SENEGAL)

Kassoumaye é un ballet composto por mozos sen distincións de raza, relixión, nin diferenzas políticas. Foi fundado no mes de marzo de 1987 en Daliffort. O seu nome, elixido polos propios membros do grupo, sinala a paz e a solidariedade que debe existir entre os artistas, por esa razón elixiron "Kassoumaye" que significa "Paz" na lingua Diola (habitantes da rexión sur de Senegal).

A vocación do ballet Kassoumaye é a de informar, sensibilizar e formar os nosos mozos sobre o arte para que o transmitan os seus pobos. Son formados tanto en danza como en percusión caracterizándose o Djembe e o Soumba.

Realizou xiras por diferentes países africanos, levando o seu espectáculo polas principais cidades e hoteis.

Participou en campañas organizadas por diferentes ONGs nacionais e internacionais coma Unicef, Funuap, etc.

Leva participando dende o ano 1999 na rede de festivais internacionais de folclore de FESTIFOLK-ESPAÑA, sendo sempre a súa actuación moi destacada.